



COÑECE O PASADO, VIVE O PRESENTE E SOÑA O FUTURO

PROGRAMA DE ACTIVIDADES DIDACTICAS DOS MUSEOS DA REDE MUSEISTICA DA DEPUTACION DE LUGO PARA OS CENTROS ESCOLARES

CURSO 2013-2014

Comeza o curso escolar 2013/2014 e, outro ano máis, a Rede Museística presenta un actualizado programa educativo deseñado e pensado para todas as etapas educativas coa pretensión de seguir ofrecéndolle á comunidade escolar experiencias didácticas co fin último de coñecer, comprender, valorar e disfrutar das coleccións e espazos que conforman parte do patrimonio histórico artístico e cultural da provincia de Lugo.

Dende a Rede Museística, en sintonía coas novas formulacións da museoloxía social, seguimos apostando por un modelo didáctico que pon en valor a aprendizaxe activa, participativa e emocional; creando en cada visita unha experiencia vivencial, agradable e memorable. A proposta educativa persegue formar o alumnado en estratexias de aprendizaxe autónomas, capaces de construír o seu propio pensamento crítico, non só sensible á arte senón cara ao noso pasado para poder intervir no presente e soñar un futuro.

A oferta de actividades dirixida aos centros educativos presenta 3 grandes bloques temáticos que van ser o eixe estrutural da nosa intervención didáctica. Os bloques son complementarios uns cos outros e perseguen construír un corpus estrutural: **Bloque 1. O Museo como contedor** achéganos á idea de que é un museo. O museo non só como contedor de obras de arte, senón máis alá: o museo como un espazo de traballo onde ademais de conservar e expoñer o noso patrimonio, tamén se estuda, se investiga e se divulga o caudal artístico e cultural, patrimonio de todos. Construída esta idea, que se erixe como os cimentos dunha casa, o seguinte **Bloque 2: O Museo como relator de historias** pretende ofrecer un catálogo aberto de visitas no que a estrutura veña marcada polo concepto de Museo como relator de historias. As obras de arte, ademais da información técnica, nárrannos e

suxírennos historias infinitas segundo a persoa coa que interactúen. As pezas falan por si mesmas e todas en conxunto constitúen unha colección. Unha proposta na que o diálogo coas obras de arte e cos espazos naturais volven ser os protagonistas. E, finalmente, o **Bloque 3: O Museo como retrovisor** pon a énfase no espello retrovisor como metáfora. Viaxamos polo presente avanzando cara ao futuro pero no que centramos a mirada no retrovisor que nos mostra o noso pasado cunha perspectiva arqueolóxica.

Para completar os tres bloques teóricos, na programación escolar fíxanse unha serie de **obradoiros** que pretenden afondar en determinados contidos, unha maneira práctica de afianzar os coñecementos. Crear experiencias motivadoras para os escolares constitúese coma a mellor maneira de desenvolver a capacidade de expresión e a creatividade no alumnado, sen esquecer o compoñente lúdico que favorece que a aprendizaxe se realice dunha maneira espontánea.

Finalmente, e como unha das grandes novidades para este novo curso escolar 2013/2014, queremos presentar unha nova experiencia, **O CONCURSO-REDE**, que nace cun dobre obxectivo: por unha banda achegar o novo público escolar á Rede Museística e fidelizalo, así como fidelizar o xa existente. Vai dirixido a escolares de 6º de Educación Primaria, pertencentes a centros educativos de toda a provincia de Lugo. Para participar é necesaria a inscrición previa que se formalizará cunha visita a algún dos 4 museos da Rede.



BLOQUE TEMÁTICO 1

O MUSEO COMO CONTEADOR

Que é un museo? Un museo é un lugar onde se conserva, expón e difunde o patrimonio artístico e cultural. Pero un Museo é tamén un espazo que lle pertence a toda a comunidade, un espazo para soñar e facer das ilusións a nosa realidade. Como che gustaría que foran os nosos museos? Que che gustaría que contiveran os nosos museos? Dende a Rede Museística abrimos as nosas portas e invitámoste a que entres e crees o teu Museo a partir do diálogo coas nosas coleccións e cos profesionais que nel traballan, nunha experiencia emocional e creativa.

A través das obras de arte podemos descubrir lugares reais e espazos imaxinados polos artistas. Podemos viaxar ao noso pasado a través das pezas arqueolóxicas e incluso descubrir as historias máis extraordinarias dos deuses gregos. No Museo podemos dialogar cos artistas, descubrir os seus soños e anhelos. No museo podemos comunicar ideas. Para isto, invitámoste a que coñezas as nosas coleccións e a importancia do traballo que realizan os diferentes profesionais.

Obradoiro. A actividade inclúe un obradoiro deseñado para traballar, de maneira creativa, a construción do seu propio museo a partir dun material que lle será entregado a cada escolar composto por: unha caixa-museo, fotografías, imaxes deseñadas, etc.

Ciclos: E. infantil, E. primaria e 1º ciclo da ESO

Período: curso escolar 2013-2014

Duración estimada da visita: 60 minutos

BLOQUE TEMÁTICO 2

O MUSEO COMO RELATOR DE HISTORIAS

Catálogo de visitas abertas segundo os diferentes contidos que ofrecen as coleccións e seccións dos museos da Rede Museística.

Esta proposta didáctica, que xa foi iniciada en anos anteriores, quere ampliar a súa oferta e implicar a todas as seccións do museo susceptibles de ser visitadas, entendendo o Museo como relator de historias. Nesta proposta aberta, pretendemos utilizar unha metodoloxía activa de forma que sexan os propios escolares os que constrúan o significado ante as pezas e obras de arte. Son experiencias nas que se pretende ensinar a ver e gozar da arte e coa arte a través dun discurso narrativo que se crea coas obras de arte. Con este diálogo, preténdese potenciar a observación e a reflexión sobre as pezas e estimular o diálogo sen medo a formar unha opinión crítica e persoal. Un diálogo que se combina con información sobre o artista ou o período histórico, necesario, para completar a visión da obra e contextualizala.

As coleccións presentes nos museos son susceptibles de estruturarse en contidos segundo os intereses dos visitantes e pódense exemplificar nas seguintes experiencias: rutas literarias, a arte do vestido, a historia da moeda, descubriendo a escultura, epigrafía romana, ruta franciscana, Sargadelos, e un longo etcétera. Con esta nova formulación, preténdese facilitar a asimilación da información co fin de comprender e achegarse mellor ás coleccións que atesouran os catro museos da Rede. Os contidos temáticos son tamén un xeito atractivo para o alumnado de presentar a información e acadar a motivación e a súa atención dende o primeiro momento da visita.

Ciclos: todos os niveis educativos

Período: curso escolar 2013-2014

Duración estimada das visitas: 60 minutos



BLOQUE TEMÁTICO 3

O MUSEO COMO RETROVISOR

Esta proposta preséntase como unha viaxe dende o presente coa vista situada no retrovisor do pasado e adoptando unha percepción arqueolóxica cuxo foco de atención vai estar situado sobre o tema “Roma en Lugo”, co fin de recoñecer aspectos clave do modo de vida e a contribución á modernización da cidade.

3.1. NO RETROVISOR: ROMA EN LUGO

Esta proposta nace coa finalidade de capacitar o alumnado para interpretar vestixios do pasado e analizar a importancia no desenvolvemento da cidade de Lugo, idea que se concreta nas seguintes competencias:

- . Respecto polo patrimonio histórico da cidade
- . Valoración da achega doutras culturas como contribución á modernización da cidade.

FIAT URBS, ET URBS FACTA EST. Esta lenda vai ser o fío condutor da nosa visita. Para encadrar o tema situarémonos, en primeiro lugar, no momento histórico no que se produce o encontro entre Roma e os pobos indíxenas do NW peninsular, ata a chegada ao poder do emperador Octavio Augusto, no ano 27 a.C., e a súa política de conquista. Nesta viaxe, coñeceremos tamén os antecedentes da fundación da cidade, pasando polo proceso de maduración ata chegar á aceptación final, feito que responde a diversas cuestións: económicas, relixiosas, sagradas e incluso ecolóxicas.

Durante este percorrido, acharemos as testemuñas arqueolóxicas presentes no Museo, onde cobran especial protagonismo dous elementos: o cipo fundacional e o rito etrusco.

A visita complétase cun **obradoiro** no que cada escolar realizará unha pequena maqueta do cipo fundacional da cidade de Lugo, poñendo en práctica aspectos traballados na visita como a epigrafía romana.

Ciclos: todos os niveis educativos

Período: curso escolar 2013-2014

Duración estimada da visita: 90 minutos

3.2. VISIÓN ARQUEOLÓXICA

(proposta exclusiva para o MP Lugo)

O Museo Provincial de Lugo nace e crece pola cantidade e calidade de vestixios arqueolóxicos que atesoura. Por iso, queremos resaltar o pasado, non só arqueolóxico senón tamén revalorizar o pasado do Museo Provincial. Esta proposta didáctica ten por obxectivo xeral achegar o público escolar á arqueoloxía, entendida como ciencia. Para a súa consecución, a actividade didáctica se centrará en **coñecer, interpretar e valorar unha escavación arqueolóxica.**

Esta nova proposta didáctica quere poñer en énfase a idea de que toda realidade é susceptible de ter unha visión e unha percepción arqueolóxica, dando resposta a preguntas como:

- A que se dedicaban?
- Como vivían?
- Que materiais empregaban?
- Que aspecto tiñan?

Para iso, realizaremos unha visita, eminentemente práctica na que o alumnado desenvolverá as seguintes competencias:

- . Observar e recoñecer fragmentos e vestixios arqueolóxicos
- . Identificar e interpretar as fontes arqueolóxicas
- . Situar cronoloxicamente diferentes obxectos arqueolóxicos

Ciclos: todos os niveis educativos

Período: curso escolar 2013-2014

Duración estimada da visita: 60 minutos



O CONCURSO REDE

A idea é realizar un concurso que ten dous obxectivos: atraer novo público escolar e fidelizalo, así como fidelizar o xa existente. O concurso constará de varias fases, tanto presenciais como dixitais. Terá unha parte de concurso de preguntas e outra parte de diversos mini-concursos a modo de certames de debuxo, literatura, vídeo creación, etc.

A QUEN VAI DIRIXIDO:

Vai dirixido a escolares de 6º curso de Educación Primaria. Sendo necesaria a inscrición previa.

PREMIO:

Haberá tres premios:

1º- 1000 euros

2º- 500 euros

3º- 300 euros

Estes premios estarán destinados para a realización dunha saída cultural

INSCRICIÓN:

Para participar haberá que inscribirse. Inscíbiranse aulas enteiras que loitarán conxuntamente para recibir puntos. Ao final do concurso, ganará o que máis puntos acumulara durante os meses que dure. O profesorado elixirá cinco alumnos da aula, que serán os encargados de vir ao museo para responder as preguntas na fase de concurso presencial.

CRONOGRAMA:

1º- A inscrición estará aberta entre os meses de setembro e decembro.

2º- A partir de xaneiro comezará o concurso. As aulas participantes serán combocadas un día para realizar a fase de concurso de preguntas en modalidade presencial.

3º- Todos os mércores publicaranse preguntas no blog de Didáctica da Rede: didacticaredemuseistica.org

4º- Cada dous meses, e coincidindo con algunha efeméride que servirá de temática, realizarase un certame artístico.

5º- Todos os luns publicaranse no blog de Didáctica a clasificación de puntos dos participantes.

6º- A fase final do concurso, na que será necesaria a presenza

física dos participantes no Museo, retransmitirase vía streaming e será nunha data que se determinará a partir de abril.

PUNTOS:

Existirán diversas maneiras de conseguir puntos:

1º- Mediante a fase de concurso de preguntas. Haberá, por un lado, unha fase presencial no museo e outra semanal a través do blog. Irase colgando unha pregunta á semana, e as cinco primeiras clases en contestar, vía email, recibirán puntos.

2º- Mediante certames puntuais que se irán programando:

- Certame de pintura

- Certame de vídeo creación

- Certame de literatura

3º- Pertencer ao Clube Pequeamigos da Rede: 1 punto por membro

4º- Cada vez que un participante, membro do Clube Pequeamigos, asista a unha actividade: obradoiros, inauguracións, proxeccións..., non a unha visita, en calquera dos museos da Rede: 1 punto.

5º- Se algún dos participantes ten algún familiar membro do Clube Senior da Rede: 1 punto.

6º- Cada vez que algún membro do Clube Senior acuda a algunha actividade en calquera dos museos da Rede: 1 punto.

7º- Cada vez que unha aula do mesmo colexio, dalgún dos participantes, visite un dos museos da Rede, terán a opción de entregarlle un punto á dita grupo indicándoo durante a visita.

BASES:

1º- O ámbito do concurso é provincial, podendo presentarse calquera colexio da provincia de Lugo.

2º- Para poder participar no concurso é indispensable realizar unha visita a calquera dos museos da Rede, onde se formalizará a inscrición. Esta visita non sumará puntos.

3º- Non se aceptarán inscricións fóra de prazo

4º- Existe un límite de 30 clases que se cubrirá baixo estrita orde de inscrición

5º- A organización do concurso resérvase o dereito de incluír novas cláusulas, expoñendo as causas xustificables.

6º- É motivo de descalificación o uso fraudulento das redes nas votacións, así como comentarios de carácter despectivo que se realicen a través dos medios postos a disposición dos participantes.

7º- É necesario aceptar as bases do concurso.



CONCERTACION DE VISITAS

Coa finalidade de responder ás necesidades do novo programa escolar 2013/2014 faise necesario ofrecer un servizo de concertación de visitas máis personalizado onde poder manter unha conversa sobre o tipo de visita que se quere concertar tendo en conta as características do grupo e o bloque temático da programación.

Faise imprescindible que sexa o mesmo profesorado quen veña visitar o museo co grupo de alumnado o que contacte directamente. Para isto, poñemos á disposición o persoal de Didáctica dos catro museos da Rede Museística, co que se pode contactar a través dos teléfonos ou tamén pódense deixar os datos de contacto no e-mail dos museos. Neste último caso será o persoal dos departamentos quen se poña en contacto nas horas de preferencia que se indiquen.

No transcurso de ditas actividades poderanse realizar vídeos e fotografías que logo se poderán exhibir nas canles dixitais das que dispón a Rede Museística, para o que o profesorado terá que traer o permiso de protección de imaxe de cada nena e neno asinado pola nai, pai ou titor legal.

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Departamento de Didáctica,
Vixilancia e Guías
(34) 982 242 300 ext. 31
didactica@museolugo.org

MUSEO PROVINCIAL DO MAR

Departamento de Didáctica
(34) 982 594 572
museodomar@museolugo.org

MUSEO-FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA

Departamento de Didáctica
(34) 982 375 156
sanpaiodenarla@museolugo.org

MUSEO PAZO DE TOR

Departamento de Didáctica
(34) 982 165 534
pazodetor@museolugo.org

Blog de Didáctica da Rede
Museística Provincial:
didacticaredemuseistica.org



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA
MUSEO PROVINCIAL DO MAR
PAZO DE TOR